



CIRCULAR Nº: 1/2010	DATA: 15 de xaneiro de 2010
ÓRGANO EMISOR: - DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO	
ASUNTO: Instrucións relativas ao cumprimento da obriga de presentación da memoria sobre as actividades realizadas polos axentes de emprego e unidades de apoio contratados ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos Programas de Cooperación (Arts. 7 e 14 das Ordes do 19 de decembro de 2007 e do 21 de agosto de 2008; Arts.7 e 15 das Ordes do 29 de decembro de 2008 e do 31 de agosto de 2009).	

Os artigos 7º e 14º das Ordes da entón Consellería de Traballo do 19 de decembro de 2007 e do 21 de agosto de 2008, respectivamente, establecen, aos efectos do cumprimento do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, que as entidades beneficiarias das axudas previstas nesta orde estarán obrigadas a remitirle á dirección xeral de Promoción do Emprego ou á delegación provincial da Consellería de Traballo, segundo proceda, unha memoria sobre as actividades realizadas polos axentes de emprego e unidades de apoio, en cada ano natural, durante o mes de xaneiro do ano seguinte.

Por outra banda, o artigo 7º2 da Orde do 29 de decembro de 2008 establece que a memoria que deberá remitirse, e que será descritiva das actividades realizadas polos axentes de emprego e unidades de apoio, remitirase polas entidades beneficiarias, ao remate do período subvencionado. Así mesmo, o artigo 15º da Orde do 31 de agosto de 2009, establece que a xestión e os resultados acadados para cada unha das actuacións e servizos promovidos polos AEDL, serán avaliados a través dun sistema telemático.

Deseñada xa a ferramenta, denominada XATEmprego (acrónimo de Xestión da Actividade dos Técnicos de Emprego), e coa fin de aunar os criterios interpretativos e, en definitiva, de garantir o correcto cumprimento das expresadas normas, esta dirección xeral, no uso das facultades atribuídas na disposición derradeira primeira das anteditas ordes, dicta a seguinte



INSTRUCCIÓN:

A memoria sobre as actividades realizadas polos axentes de emprego e unidades de apoio, realizarase baixo as seguintes premisas:

1. A partir do mes de xaneiro de 2010, os datos e a información sobre os servizos e actuacións nos que os axentes tomen parte deberán ser subministrados en tempo real, na ferramenta XATEmprego, que será xestionada pola UPD "Coordina Local" de xeito que, a Consellería de Traballo e Benestar poida, en calquera momento, ter coñecemento das distintas actuacións que están a levar cabo as/os axentes.
2. As actuacións levadas a cabo polos técnicos con anterioridade á data sinalada no punto anterior, reflectiranse de forma sucinta na memoria final, descritiva das actividades realizadas por estes, que as entidades beneficiarias destas axudas teñen a obriga de remitir á dirección xeral de Promoción do Emprego ou ao departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar, segundo proceda, no prazo de dous meses desde o remate do período subvencionado, xunto coa correspondente documentación xustificativa (nóminas, TCs, transferencia bancaria, etc...).

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2010

**O DIRECTOR XERAL DE
PROMOCIÓN DO EMPREGO**



Assinado: Andrés Hermida Trastoy.